

NOTA INFORMATIVA PARA PAIS /NAIS

➤ INFORMACIÓN SOBRE O BLOG DE SEGUNDO CURSO

A partir desta semana poderán atopar o enlace do blog de segundo tamén na páxina web do centro. Poderán atopalo na marxe dereita no apartado blogs do Mestre Vide. Intentamos así facilitar o seu acceso. NON DUBIDEN EN USALO.

Sabemos que moitos nenos/as están facendo nas súas casas traballos moi creativos e diversos que sempre que vostedes o consideren oportuno poderemos colocar no blog para compartilos de esta maneira cos seus compañeiros/as.

Poden facer unha foto, gravar un vídeo... que nós intentaremos subir ao blog o antes posible.

➤ INFORMACIÓN SOBRE A AULA VIRTUAL

Os que desexen entrar na aula virtual do centro xa o poden facer a partir de esta semana.

Aquí poderán atopar ACTIVIDADES E ENLACES PARA APRENDER XOGANDO.

Se trataría de actividades a facer de forma complementaria aqueles que poidan e desexen facelo.

As tarefas seguiremos colocándoas na páxina web do centro e no noso blog tal como viñamos facendo ata agora coas instruccións semanais.

Para correxir as tarefas de autocontrol ou calquera outra seguen as contas de correo xa coñecidas.

Para entrar na aula virtual necesitan un nome de usuario e un contrasinal que lle permitirá acceder.

INSTRUCCIÓNS PARA O USO DA AULA VIRTUAL

- ✚ Para acceder á aula virtual o primeiro é entrar na páxina web do centro. Na parte superior esquerda atoparán unha pestana co nome AULA VIRTUAL.
- ✚ Unha vez dentro situaranse no segundo curso de primaria.
- ✚ Os alumnos/as xa están matriculados na aula virtual polo que **non deben entrar como convidados.** Deben buscar na parte superior dereita da páxina na que se atopan unha pequena pestana de **(acceso)**

- ✚ Unha vez dentro xa atoparán o lugar onde poner o seu nome de usuario e o seu contrasinal. (Lembren que o poderán cambiar desde o primeiro momento)

Ao poñer o seu nome de usuario teñen que lembrar:

- 1.- Sen maiúsculas
- 2.- Nome completo e primeiro apelido (todo xunto) se é composto os dous nomes e o apelido: "luisemilioblanco"
- 3.- Sen acento e sen "ñ", teñen que poñer "n" (ordonez...)
O contrasinal é igual para todos, *changeme*
Tan pronto entran pídeselle que o cambien.

1º exemplo:

USUARIO do alumno: Martín Arias López

O seu nome de usuario sería:

nome+ primeiro apelido sen acentos, sen maiúsculas e todo xunto

martinarias

CONTRASINAL SERÍA **changeme** é o mesmo para todos/as pero pode ser cambiado tan pronto entren por outro que vostedes consideren.

2º exemplo

USUARIO do alumno Hugo Viñoles Gil

O seu nome de usuario sería: **hugovinoles** Sen maiúsculas, sen acentos e sen ñ nome e primer apelido escrito todo xunto

O contrasinal o mesmo de antes.

3º exemplo

USUARIO do alumno Roque Darío Nieto Lozano

O seu nome de usuario sería: **roquedarionieto** seguindo as instrucións anteriores.

O contrasinal o mesmo ata que vostedes o cambien por outro máis persoal.

Lembren que o uso da aula virtual é un complemento máis. Non é un uso de carácter obrigatorio como todo o demais que poñemos a súa disposición.